

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 5 de xullo de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 5 de xullo do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33993.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024.

2.33994.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2024.(EXPTE. 2024010375)

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 5 de abril de 2024 aprobou as bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2024.

Segundo. Con data 10 de abril de 2024 publícanse as referidas bases no BOPPO núm. 70 de 10 de abril de 2021, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.



Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 01/07/2024, a xefatura do Servizo de Cultura, na mesma data, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Cuarto. Con data 02/07/2024 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: OJWKDIKVQ0W0NAAI.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adjudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 32 da citada Lei 55/2007 prevese a existencia de axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar no territorio nacional.



Cuarto.- Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d) a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a 6 entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra, no ano 2024, por un importe total de 165.000,00 € con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05 e que figuran na relación que se achega co CSV: 9P2NQV1Q484B8GZ7.

Segundo.- Excluír desta convocatoria un total de tres solicitudes, dúas desistencia da solicitude e unha por non remitir a documentación requirida en prazo e que figuran no expediente co CSV:7T8AMV98BORGG496.

3.33995.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DE TUBO DE PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN DUN CAMIÑO NO LG. DE MURRANS” (EXPTE.2024022383)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024021954, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de BUEU na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 68.603,07 €, co obxecto do financiamento do investimento “PROXECTO DE SUBSTITUCION DE TUBO DE PLUVIAIS E PAVIMENTACION DUN CAMIÑO NO LG. DE MURRANS”, cuxo orzamento ascende 68.603,07 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	68.603,07	68.603,07	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.

A devandita autorización, a acta de trazado previo (anexo III) e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 25/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 25/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Bueu*, CIF: P3600400J, unha subvención por importe de 68.603,07 € co obxecto do financiamento do investimento “PROXECTO DE SUBSTITUCION DE TUBO DE PLUVIAIS E PAVIMENTACION DUN CAMIÑO NO LG. DE MURRANS” (exp: 2024022383)”, cuxo orzamento ascende 68.603,07 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Total	68.603,07	68.603,07	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra xunto coa acta de trazado previo (Anexo III) e a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Bueu*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.33996.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN SISTEMA GRAVACIÓN E XESTIÓN VÍDEO IP ANALÍTICA VÍDEO E INTELIXENCIA ARTIFICIAL” (EXPTE.2024021566)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021112, emendado en datas posteriores, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de CAMBADOS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 78.755,78 euros, co obxecto do financiamento do investimento “INSTALACION SISTEMA GRAVACION E XESTION VIDEO IP ANALITICA VIDEO E INTELIXENCIA ARTIFICIAL”, cuxo orzamento ascende 78.755,78 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	78.755,78	78.755,78	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendente de outorgamento as autorizacións sectoriais de Portos de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Consellería de Medio Ambiente, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo así como do ditame favorable da Comisión Técnica Municipal de Patrimonio Histórico. O concello indica que tamén é preciso contar coas autorizacións da Delegación de Goberno e á Xefatura de Tráfico, autorizacións que non figuran nos informes técnicos xa que as súas competencias limitáanse a un ámbito urbanístico.



As devanditas autorizacións e o anexo III (acta trazado previo) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 19/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 20/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, unha subvención por importe de 78.755,78 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Instalacion sistema gravacion e xestion video IP analitica video e intelixencia artificial*” (Expte: 2024021566)”, cuxo orzamento ascende 78.755,78 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2024	78.755,78	78.755,78	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Portos de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Consellería de Medio Ambiente, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo así como o ditame favorable da Comisión Técnica Municipal de Patrimonio Histórico, a autorización da Delegación do Goberno e da Xefatura Provincial de Tráfico e a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.33997.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “IMPERMEABILIZACIÓN INTERIOR DO DEPÓSITO DE AUGA POTABLE DE BORREIROS” (EXPTE. 2024020992)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 01/04/2024, mediante rexistro WEB2024020636, formalmente e en prazo, emendado en data posterior, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *concello de O Grove* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 140.974,52 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Impermeabilización interior do depósito de auga potable de Borreiros*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

O orzamento contempla 135.299,62 € da execución de contrata, IVE engadido e 5.674,90 € de honorarios de redacción do proxecto, IVE engadido.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso íntegro do importe da Liña 4 á Liña 1 e parte da Liña 1 a Liña 2 (45.674,93 €).

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 21/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Grove*, CIF: P3602200B, unha subvención por importe de 140.974,52€ co obxecto do financiamento do investimento “*Impermeabilización interior do depósito de auga potable de Borreiros*” (Expte. 2024020992), cuxo orzamento ascende 140.974,52 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	140.974,52	140.974,52	0,00	0,00

- O orzamento contempla 135.299,62 € da execución de contrata, IVE engadido e 5.674,90 € de honorarios de redacción do proxecto, IVE engadido.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Grove*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.33998.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA E AMPLIACIÓN DE CAMIÑOS NA PARROQUIA DE PARADELA” (EXPTE. 2024023004)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022128, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *concello de Meis* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 86.750,08 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora e ampliación de camiños na parroquia de Paradela*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso íntegro da Liña 4 á Liña 1 e parte da Liña 1 (116.487,55 €) á Liña 2.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención ademais da presentación da declaración responsable ante Augas de Galicia estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, que serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 27/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Meis*, CIF: P3602800I, unha subvención por importe de 86.750,08 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora e ampliación de camiños na parroquia de Paradela*” (Expte: 2024023004), cuxo orzamento ascende 86.750,08 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	86.750,08	86.750,08	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Meis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33999.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2024 (EXPTE. 2024002459)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024, publicadas no BOPPO núm. 40, de 26 de febreiro de 2024.

A Deputación Provincial, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo, promove esta liña de subvencións destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos especiais que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizou de oficio cantas actuacións se estimaron necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, examinando as solicitudes e a documentación presentadas, requirindo ás entidades solicitantes a emenda de defectos ou omisións observadas.

Con data 24 de xuño de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico remite a Intervención a relación de todos os expedientes de solicitude presentados, xunto co informe-proposta de concesión de subvencións, para a súa fiscalización (CSV:XNUHGG4ZKXZJLI2Z).



Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítase polo Servizo de Intervención, con data 25 de xuño de 2024, informe favorable sobre existencia de consignación, por un importe de 90.000,00 €, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial (CSV: 27RV5BE321TNEX54).

Reunida a Comisión de Valoración constituída para tal fin, con data 26 de xuño de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa das características dos traballos presentados e das valoracións efectuadas seguindo os criterios sinalados na base décimo terceira das bases reguladoras da convocatoria. Procédese á revisión e aceptación das valoracións realizadas, admitíndose favorablemente un total de 28 solicitudes presentadas en tempo e forma, que cumpren con cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
- Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co disposto no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, que poderá materializarse mediante accións que teñan por obxecto estudar, divulgar, exaltar ou poñer en valor o seu patrimonio cultural material ou inmaterial.

No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario.

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Así mesmo, na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese que as corporacións locais ditarán as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

No artigo 10 da Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno provincial o 23 de maio de 1989, establécese que, “con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega”.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión de subvencións para edicións ás 28 solicitudes que figuran na relación co CSV:WHQ05991R4ZB1TO6.
- Excluir deste programa as 12 solicitudes que figuran na relación co CSV:YYUC2B2QVGCJPN7S.

8.34000.- APROBACIÓN DUN PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO A TRAVÉS DO IMPULSO DE EMPREGO PARA A PROVINCIA DE PONTEVEDRA, DENOMINADO “+EMPREGA” (EXPIE.2024036563)

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local de data 29 de maio de 2024 que literalmente di:

“A provincia de Pontevedra veuse severamente afectada pola crise económica derivada dos conflitos internacionais recentes. Esta situación resultou nun aumento significativo do desemprego, especialmente en sectores como o turismo, a hostalería e o comercio. Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), a taxa de desemprego na provincia acadou o 15.6% no 2020. A mocidade foi particularmente vulnerada, cunha taxa de desemprego xuvenil que superou o 25% nalgúns momentos.”



Dada esta situación, a Deputación de Pontevedra reconeceu a necesidade de implementar medidas integrais que aborden os desafíos do emprego e promovan o desenvolvemento económico sostible e inclusivo na provincia de Pontevedra, e ven apostando pola realización de accións e execución de programas de fomento do emprego xuvenil evitando a fuga de talento fóra da nosa provincia e de Galicia.

Estes antecedentes e puntos de partida serven como contexto para o deseño e implementación dun programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra, que busca abordar estes desafíos e promover a recuperación económica e mellorar o benestar da comunidade en liña cos obxectivos do compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), tendo en conta que o paro xuvenil na nosa provincia é un dos principais problemas do noso mercado de traballo debido ás estruturais elevadas taxas de desemprego das capas máis mozas da poboación.

OBXECTO:

Este programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra ten como obxectivo principal promover a integración e inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia, a través da mellora da empregabilidade dos cidadáns. Implementarase en todo o territorio da provincia de Pontevedra, beneficiando prioritariamente as persoas desempregadas e os colectivos vulnerables entre os que se atopa a mocidade, as persoas con discapacidade e outros colectivos vulnerables. As accións contempladas inclúen orientación laboral, formación, asesoramento laboral, intermediación e apoio á inserción laboral.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

O programa estrutúrase en dous eixes principais:

EIXE 1: IMPULSO AO EMPREGO.

Busca mellorar a empregabilidade e proporcionar experiencia profesional a persoas tituladas universitarias e de formación profesional de ciclos medios e superiores nos municipios da provincia de Pontevedra, a través de contratos formativos en colaboración con entidades locais, públicas e/ou privadas da provincia de Pontevedra.

Proxecto1.- : Contratos Formativos Municipais

Promove o desenvolvemento económico e social dos concellos, especialmente os de menor poboación, favorecendo a creación de emprego e a dinamización da actividade local, financiando parte dos custos salariais de persoal contratado baixo a modalidade de contrato formativo nos concellos da provincia de Pontevedra.

Proxecto2.- Impulso ao Emprego en Empresas e ONGS.

Dinamiza a economía local a través da creación de emprego cualificado en empresas e ONGS, financiando parte dos custos salariais de persoal contratado baixo a modalidade de contrato formativo.

EIXE 2: FOMENTO DO EMPREGO INCLUSIVO.

Co obxectivo de promover a igualdade de oportunidades e a adopción de medidas favorecedoras para a inclusión no mercado de traballo das persoas máis vulnerables en situación de risco e inclusión, entre outras as persoas con discapacidade.



Proxecto 1.- Subvencións para Centros Especiais de Emprego

Promove a integración laboral das persoas con discapacidade en Centros Especiais de Emprego (CEE) na provincia de Pontevedra a través de subvencións destinadas a financiar os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección correspondentes ao ano en curso da convocatoria correspondente.

EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO

A execución dos proxectos estará suxeita ao seguinte marco temporal e financeiro:

Período de Execución: O referido Programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra desenvolverase o longo do período 2024-2027 e os proxectos vinculados poderán ser repetidos ao longo do tempo incorporándose novas iniciativas e proxectos que completen os existentes na consecución dos obxectivos fixados e que contén crédito suficiente para desenvolvelas. Esta flexibilidade temporal permitirá adaptar a execución dos proxectos ás necesidades cambiantes da provincia e garantir a súa continuidade no tempo.

Duración dos Proxectos: Cada proxecto terá unha duración máxima dun ano, contado dende o momento no que se estableza nas cláusulas de cada convocatoria. Esta flexibilidade temporal permitirá adaptar a execución dos proxectos ás necesidades específicas de cada iniciativa e axilizar a súa posta en marcha.

Financiamento: O financiamento dos proxectos procederá dos recursos asignados ao citado programa no orzamento da Deputación de Pontevedra. Estes recursos serán asignados de acordo coas prioridades establecidas pola institución e coa dispoñibilidade orzamentaria de cada exercicio económico.

Neste sentido, as convocatorias previstas no 2024, son:

Proxecto baseado en Contratos Formativos Municipais

Obxectivo: promover o desenvolvemento económico e social dos concellos a través da subvención de parte dos costes salariais dos contratos formativos formalizados no marco de este proxecto a través dunha convocatoria pública para a selección dos concellos como entidades colaboradoras, e a determinación do nivel de estudos de 128 postos de traballo.

Entidades colaboradoras: concellos de menos de 50.000 habitantes, entre os que se distribuíran os 128 contratos formativos de acordo o seguinte cadro (datos de poboación publicados polo Instituto Galego de Estatística, IGE, 1 de xaneiro do 2023).

NÚMERO HABITANTES	NÚMERO CONTRATOS	Nº CONCELLOS	DE	TOTAL
<i>Ata 3.000</i>	<i>1</i>	<i>12</i>		<i>12</i>
<i>De 3.001 ata 10.000</i>	<i>2</i>	<i>25</i>		<i>50</i>
<i>De 10.001 ata 50.000</i>	<i>3</i>	<i>22</i>		<i>66</i>
TOTAIS		59		128

Custo a financiar: parte dos coste salariais total dos contratos formativos, que terán unha duración máxima dun ano a tempo completo.

Proxecto: Impulso ao Emprego en Empresas e ONGS:

Obxectivo: promover a dinamización da economía local a través da creación de emprego cualificado en empresas e ONGS a través da subvención de parte dos costes salariais dos contratos formativos formalizados no marco de este proxecto a través dunha convocatoria pública para a selección das entidades colaboradoras, e a determinación do nivel de estudos dos 100 postos de traballo; 80 contratacións en empresas e 20 contratación en ONG 's.



Entidades colaboradoras: 80 empresas e 20 ONG's con sede na provincia de Pontevedra, que deberán demostrar a súa viabilidade e compromiso co desenvolvemento sostible da provincia, así como a súa capacidade para ofrecer oportunidades de emprego cualificado e de calidade.

Custo a financiar: parte dos costes salariais total dos contratos formativos, que terán unha duración máxima dun ano a tempo completo.

Proxecto: Subvencións para Centros Especiais de Emprego:

Obxectivo; promover a integración laboral das persoas con discapacidade a través dunha convocatoria pública para a concesión de subvencións para financiar os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección dos Centros Especiais de Emprego.

Entidades beneficiarias; Centros especiais de emprego con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra.

Custo a financiar: os custos de persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección imputables ao exercicio en curso.

XUSTIFICACIÓN:

A Asemblea Xeral da ONU adoptou o 25 de setembro de 2015 a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade. A Axenda 2030 e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) son un referente ético e operativo que inspira a acción dos gobernos e a cidadanía.

A Deputación de Pontevedra alíñase cos ODS, promovendo programas que melloren o benestar e a calidade e vida dos habitantes da provincia.

En particular, a Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, aposta por accións e programas que contribúan ao ODS 8: promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas. Tamén se alíña cos obxectivos do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, que aborda a transición ecolóxica, a transformación dixital, a igualdade de xénero e a cohesión social e territorial.

Neste contexto, un programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra é unha resposta integral aos desafíos do mercado laboral na provincia de Pontevedra, promovendo a capacitación persoal e profesional, a mellora da ocupabilidade, a dinamización da economía local e a inclusión social.

NORMATIVA APLICABLE:

Os distintos programas acomodaranse, segundo o caso, ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en concreto no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación na concesión das axudas, así como á Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e demais normativa concordante de aplicación; e tamén, no seu caso, a aqueles requisitos esixidos pola normativa de aplicación en caso de obter financiamento doutras AAPP (autonómica, nacional ou europea)."

Visto a dilixencia de intervención (CSV: SBH92RFKV9QFUJWJ) no que pon de manifesto "...dado que a proposta non ten contido económico, xa que os proxectos de actuación nos que se estrutura dito programa serán concretados e fiscalizados individualmente con posterioridade, non está suxeito a fiscalización previa, tal como o recolle o artigo 8.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, constando no expediente informe proposta favorable do xefe do Servizo de promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, de data 29 de maio de 2024, coa conformidade da Vicepresidenta segunda, do día 30 de maio..."



Por todo o exposto, en base aos antecedentes de feito, normativa aplicable e fundamentos xurídicos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra, denominado “+ Emprega”.

O texto é como segue:

“

1. ANTECEDENTES E SITUACIÓN DE PARTIDA

A provincia de Pontevedra, igual que moitas outras, veuse afectada pola crise económica derivada dos diversos conflitos internacionais dos últimos anos. Esta crise tivo un impacto significativo no mercado laboral, provocando un aumento do desemprego e unha diminución das oportunidades de traballo en diversos sectores económicos.

A situación do emprego na provincia de Pontevedra nestes últimos anos ten as seguintes características:

Aumento do desemprego: Según datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), a taxa de desemprego na provincia de Pontevedra aumentou de maneira considerable nestes últimos anos. Por exemplo, no ano 2020, a taxa de desemprego se situou nun 15.6%, o que representou un aumento significativo en comparación con anos anteriores.

Impacto en sectores específicos: Esta crise afectou de maneira desproporcionada a certos sectores económicos, como o turismo, a hostalaría e o comercio. Estes sectores, que son pilares importantes da economía de Pontevedra, experimentaron unha contracción na demanda e un aumento dos peches de empresas, o que contribuíu ó aumento do desemprego.

Desafíos para a mocidade: A mocidade foi un dos grupos máis afectados pola crise do emprego, xa que moitos perderon os seus empregos temporais ou tiveron dificultades para ingresar no mercado laboral debido á falta de oportunidades e de experiencia. A taxa de desemprego xuvenil na provincia de Pontevedra situouse en niveles preocupantes, superando o 25% nalgúns momentos.

Necesidade de medidas de apoio: Ante esta situación, fíxose evidente a necesidade de implementar medidas de impulso e apoio ó emprego e de promoción económica para reactivar a economía local e xerar novas oportunidades laborais.

Necesidade de apoio á integración de colectivos vulnerables: A Estratexia de economía social de Galicia recolle como actividades prioritarias o reforzo de programas de creación de emprego con especial atención á integración de colectivos con especiais dificultades, como as persoas con capacidades diferentes e as que están en situación ou risco de exclusión social, así como o apoio ás entidades que traballan para a integración destes colectivos. En concreto as persoas con discapacidade, especialmente as que presentan un grao severo padecen altos niveis de desemprego e tendo en conta que o emprego é un elemento esencial para garantir a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento persoal e a participación plena na vida económica, cultura e social, a Deputación de Pontevedra ten entre as súas prioridades a de apoiar a estes colectivos no sistema ordinario de traballo ou, si non é posible, mediante a fórmula especial de apoio protexido como ferramenta esencial para paliar o desemprego e a falta de ocupación, un dos maiores potenciadores de exclusión social.

A Deputación de Pontevedra reconeceu a urxencia de actuar e deseñar estratexias integrais para enfrontar os desafíos do mercado laboral na provincia. A importancia do emprego e o desenvolvemento económico en Pontevedra radica no seu impacto directo na calidade de vida dos seus habitantes, así como na construción dunha sociedade máis equitativa e próspera

Ante esta situación, dende Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, tendo en conta a nova estrutura da entidade provincial, así como as novas atribucións dos/as representantes, entre outras o impulso ao emprego, entre as que se inclúe os programas de fomento do emprego e seguindo a estratexia da entidade provincial de apoio aos concellos xurde a necesidade de implementar medidas integrais que aborden os desafíos do emprego e promovan o desenvolvemento económico sostible e incluso na provincia de Pontevedra.



Estes antecedentes e puntos de partida serven como contexto para o deseño e implementación dun programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra que busca abordar estes desafíos e promover a recuperación económica e mellorar o benestar da comunidade; tendo en conta que o paro xuvenil na nosa provincia é un dos principais problemas do noso mercado de traballo debido ás estruturais elevadas taxas de desemprego das capas máis mozas da poboación, esta deputación ven apostando pola realización de accións e execución de programas de fomento do emprego xuvenil evitando a fuga de talento fóra da nosa provincia e de Galicia.

O mencionado programa contribúe a implementación do seguintes ODS en liña co Plan De acción para a execución da Axenda 2030.

ODS 1: Fin da pobreza: Promover o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos, incluídas as mulleres e os mozos, é fundamental para reducir a pobreza e mellorar o benestar económico da provincia.

ODS 8: Traballo decente e crecemento económico: Fomentar o crecemento económico sostible, inclusivo e sostible, así como o emprego pleno e produtivo, é esencial para o desenvolvemento económico de Pontevedra.

ODS 10: Redución das desigualdades: Garantir a igualdade de oportunidades para todos os habitantes da provincia, incluídos os grupos marxinados e vulnerables, é crucial para reducir as desigualdades sociais e económicas.

Os proxectos contemplados no programa abordan directamente estes obxectivos, mellorando a empregabilidade especialmente para grupos vulnerables como a mocidade e as persoas con discapacidade, e promovendo un crecemento económico inclusivo e sostible na provincia.

Así, os proxectos baseados en Contratos Formativos Municipais fomentan a empregabilidade e o desenvolvemento profesional das persoas participantes nos concellos da provincia, contribuíndo ao ODS 1 e ao ODS 8.

Do mesmo xeito, o proxecto baseados en subvencións para Centros Especiais de Emprego promove a integración, a igualdade e a redución de desigualdades, en liña co ODS 10.

En resumo, o referido programa preséntase como unha iniciativa integral e estratéxica para o emprego e o desenvolvemento económico na provincia a través do impulso ao emprego, alineada cos ODS e orientada a mellorar a taxa de emprego e a calidade de vida dos seus habitantes.

2. OBXECTO E MARCO COMPETENCIAL

O programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra ten como obxectivo principal promover a integración e inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia, a través da mellora da empregabilidade dos cidadáns. Este programa implementárase en todo o territorio da provincia de Pontevedra, beneficiando prioritariamente as persoas desempregadas e os colectivos vulnerables entre os que se atopa a mocidade, as persoas con discapacidade e outros colectivos vulnerables. Os servizos ofrecidos incluírán orientación laboral, formación, asesoramento laboral, intermediación e apoio á inserción laboral.

A Deputación de Pontevedra, aínda que non conte con competencias específicas en materia de emprego, ten a responsabilidade de promover o desenvolvemento económico e social da provincia, tal como establece a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu Artigo 36. Esta competencia dálle o deber de impulsar iniciativas que dinamicen a economía local, fortalezan o tecido empresarial e melloren a calidade de vida dos cidadáns, incluída a creación de emprego sostible.

Ademais, tanto a lexislación española como a galega establecen o principio de solidariedade entre as diferentes administracións públicas para abordar os desafíos sociais e económicos que afectan á poboación. Así, o Artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que os entes locais deberán colaborar coas administracións do Estado e da comunidade autónoma en aras da solidariedade interterritorial. É por iso que a Deputación de Pontevedra pode e debe colaborar activamente na implementación de políticas e programas de emprego que complementen as accións levadas a cabo por outras entidades.



3. ACCIÓNS ESPECÍFICAS: EIXES E PROXECTOS

Para promover o emprego activo, sostible e inclusivo na provincia de Pontevedra, implementarase unha serie de proxectos focalizados en dous eixes principais: impulso ao emprego e fomento do emprego inclusivo.

EIXE 1: IMPULSO AO EMPREGO. Co obxectivo fundamental de promover a mellora da empregabilidade e a adquisición de experiencia profesional por parte de persoas tituladas universitarias e de formación profesional de ciclos medios e superiores nos municipios da provincia de Pontevedra. Para alcanzar este obxectivo, os proxectos que se plantean neste eixe basearase nunha convocatoria pública para a selección de entidades colaboradoras, así como na determinación do nivel de estudos dos postos de traballo que se van ocupar baixo a modalidade de contrato formativo.

As contratacións laborais baixo a modalidade de contrato formativo realizáranse entre as entidades colaboradoras e as persoas tituladas universitarias e de formación profesional seleccionadas. Este tipo de contrato ten como finalidade permitir que as persoas contratadas adquiran a práctica profesional necesaria para o seu nivel de estudos e facilitarles a súa posterior inserción no mercado laboral.

Estas contratacións darán resposta as necesidades de emprego na provincia contribuíndo a reactivación de sectores estratéxicos e cubrirán unha variedade de postos de traballo, con énfase especial en áreas relacionadas coa transición ecolóxica e a economía verde, a dixitalización de servizos, a cohesión social e o desenvolvemento local rural.

Proxecto1.- Impulso ao Emprego nos Concellos Contratos Formativos Municipais. Coa finalidade de promover o desenvolvemento económico e social dos concellos, especialmente os de menor poboación, favorecendo a creación de emprego e a dinamización da actividade local a través da financiando parte dos custos salariais asociados á contratación de persoal titulado universitario e/ou de formación profesional para a formalización de contratacións laborais baixo a modalidade de contrato formativo.

Proxecto2.- Impulso ao Emprego en Empresas e ONGS: coa finalidade promover a dinamización da economía local a través da creación de emprego cualificado en empresas e ONGS financiando parte dos custos salariais asociados á contratación de persoal titulado universitario e/ou de formación profesional, para a formalización de contratacións laborais baixo a modalidade de contrato formativo, promovendo así a dinamización da economía local a través da creación de emprego cualificado.

EIXE 2: FOMENTO DO EMPREGO INCLUSIVO. Co obxectivo de promover a igualdade de oportunidades e a adopción de medidas favorecedoras para a inclusión no mercado de traballo das persoas máis vulnerables en situación de risco e inclusión, entre outras as persoas con discapacidade.

Proxecto 1.- Subvencións para Centros Especiais de Emprego: coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade en Centros Especiais de Emprego (CEE) na provincia de Pontevedra a través de subvencións destinadas a financiar os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección correspondentes ao ano en curso da convocatoria dos CEE con domicilio social e centro de traballo na provincia de Pontevedra contribuíndo á creación dunha sociedade máis inclusiva e igualitaria, onde todas as persoas, independentemente da súa capacidade, teñan acceso a oportunidades laborais dignas e satisfactorias.



4. EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO

A execución dos proxectos estará suxeita ao seguinte marco temporal e financeiro:

Período de Execución: O programa de desenvolvemento económico a través do impulso de emprego para a Provincia de Pontevedra desenvolverase o longo do período 2024-2027 e os proxectos vinculados poderán ser repetidos ao longo do tempo incorporándose novas iniciativas e proxectos que completen os existentes na consecución dos obxectivos fixados e que contén con crédito suficiente para desenvolvelas. Esta flexibilidade temporal permitirá adaptar a execución dos proxectos ás necesidades cambiantes da provincia e garantir a súa continuidade no tempo.

Duración dos Proxectos: Cada proxecto terá unha duración máxima dun ano, contado dende o momento no que se estableza nas cláusulas de cada convocatoria. Esta flexibilidade temporal permitirá adaptar a execución dos proxectos ás necesidades específicas de cada iniciativa e axilizar a súa posta en marcha.

Financiamento: O financiamento dos proxectos procederá dos recursos asignados o citado programa no orzamento da Deputación de Pontevedra. Estes recursos serán asignados de acordo coas prioridades establecidas pola institución e coa dispoñibilidade orzamentaria de cada exercicio económico.

Convocatorias previstas no período 2024-2025

Proxecto: Impulso ao emprego en concellos:

Obxectivo: promover o desenvolvemento económico e social dos concellos a través da subvención de parte dos costes salariais dos contratos formativos formalizados no marco de este proxecto a través dunha convocatoria pública para a selección dos concellos como entidades colaboradoras, e a determinación do nivel de estudos de 128 postos de traballo.

Entidades colaboradoras: concellos de menos de 50.000 habitantes, entre os que se distribuíran os 128 contratos formativos de acordo o seguinte cadro (datos de poboación publicados polo Instituto Galego de Estatística, IGE, 1 de xaneiro do 2023).

NÚMERO HABITANTES	NÚMERO CONTRATOS	Nº CONCELLOS	DE	TOTAL
Ata 3.000	1	12		12
De 3.001 ata 10.000	2	25		50
De 10.001 ata 50.000	3	22		66
TOTALS		59		128

Custo a financiar: parte dos coste salariais total dos contratos formativos, que terán unha duración máxima dun ano a tempo completo.

Proxecto: Impulso ao Emprego en Empresas e ONGS:

Obxectivo: promover a dinamización da economía local a través da creación de emprego cualificado en empresas e ONGS a través da subvención de parte dos costes salariais dos contratos formativos formalizados no marco de este proxecto a través dunha convocatoria pública para a selección das entidades colaboradoras, e a determinación do nivel de estudos dos 100 postos de traballo; 80 contratacións en empresas e 20 contratación en ONG 's.



Entidades colaboradoras: 80 empresas e 20 ONG's con sede na provincia de Pontevedra, que deberán demostrar a súa viabilidade e compromiso co desenvolvemento sostible da provincia, así como a súa capacidade para ofrecer oportunidades de emprego cualificado e de calidade.

Custo a financiar: parte dos costes salariais total dos contratos formativos, que terán unha duración máxima dun ano a tempo completo.

Proxecto: Subvencións para Centros Especiais de Emprego:

Obxectivo; promover a integración laboral das persoas con discapacidade a través dunha convocatoria pública para a concesión de subvencións para financiar os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección dos Centros Especiais de Emprego.

Entidades beneficiarias; Centros especiais de emprego con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra.

Custo a financiar: os custos de persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección imputables ao exercicio en curso.

5. CONTROL E SEGUIMIENTO:

Unha vez finalizado cada proxecto realizarase a avaliación e seguimento das accións implementadas adaptada aos indicadores de cada convocatoria, tales como: a taxa de inserción laboral, o número de contratos xerados, satisfacción das persoas beneficiarias, propostas por parte das entidades colaboradoras, novas liñas de traballo, etc.

Este seguimento permitirá detectar posibles desviacións e adoptar as medidas necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos.

6. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE

Co fin de darlle difusión e publicidade as accións desenvolvidas darase visibilidade o programa na páxina Web da Deputación creando un espazo específico de emprego que agrupe todas as acción a desenvolver nos distintos proxectos.”

9.34001.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE NA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2022058144)

A Deputación de Pontevedra é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002.

A escola conta coa autorización de oito unidades, e cento quince prazas, distribuídas conforme ao seguinte:

Dúas unidades 0-1	8 prazas por unidade, resultando un total de 16 prazas
Tres unidades 1-2	13 prazas por unidade, resultando un total 39 prazas
Tres unidades 2-3	20 prazas por unidade, resultando un total 60 prazas



As aulas organízanse en función das idades das persoas usuarias para cada curso escolar.

A xestión da escola realízase mediante contrato de “*Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*”, que a Xunta de Goberno da Deputación, na súa sesión ordinaria do día 5 de maio de 2023, adxudicou á FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669) polo prezo ofertado de 539.832,00 euros (dous anos), exento do IVE.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 6 de xuño de 2023, establecendo un prazo de duración de dous anos, contados desde o día 1 de setembro de 2023, coa posibilidade de dúas prórrogas anuais.

A capacidade actual da Escola, de conformidade co prego de prescricións técnicas regulador do contrato, é de sete aulas, que se distribúen en seis aulas en horario de mañá e unha en horario de tarde.

Visto que, con data 26 de abril de 2024, a responsable do contrato, xunto coa deputada delegada da Área de Igualdade e Benestar Social, informa que, debido a escasa natalidade dos últimos anos, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia esta a fomentar a gratuidade da atención educativa. Esta medida ten un impacto significativo no sector, supoñendo un incremento real da demanda deste servizo. En base ao exposto, o Centro Príncipe Felipe considera necesario poñer en funcionamento a oitava aula da Escola Infantil, autorizada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social E-1340, C002, xa que as sete aulas actuais resultan insuficientes. A modificación proposta suporía un incremento anual do prezo de adxudicación de 36.776,91 euros, que contempla a previsión dunha persoa educadora infantil a razón de 38 horas semanais, e unha persoa auxiliar de apoio a razón de 10 horas semanais.

Tendo en conta o informe do xefe do servizo de Contratación de 17 de xuño de 2024, conformado pola Secretaría Xeral o 19 de xuño de 2024, que conclúe o seguinte:

“Á vista do informe da responsable do contrato, de 26 de abril de 2024, as medidas da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para paliar a escasa natalidade dos últimos anos, fomentando a gratuidade da atención educativa, han suposto un incremento na demanda do servizo da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe. Ante dita circunstancia, non previsible para esta Administración no momento da contratación, resultan insuficientes as sete aulas actuais, polo que faise necesaria a modificación do contrato suscrito con FESAN para engadir unha aula adicional, que xa conta coa correspondente autorización autonómica, e que funcionaría cunha persoa educadora infantil e outra auxiliar de apoio.”

A modificación proposta, que suporía un custo anual a maiores de 36.776,91 euros, e supón un incremento do prezo do contrato do 13,63 por cento, non está prevista no contrato, se ben semella xustificada a teor do suposto establecido no artigo 205.2, letra a) da LCSP, por devir necesario engadir unha aula adicional en resposta ao incremento da demanda, non resultar posible o cambio de contratista por razóns técnicas, e non exceder a porcentaxe do 50 por cento permitida para este tipo de modificacións. De acordarse polo órgano de contratación, previo informe da Secretaría, será obrigatoria para a contratista, e requirirá o reaxuste da garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado.”

Tendo en conta o artigo 190 da LCSP, segundo o cal, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.



Tendo en conta o artigo 203 da LCSP, segundo o cal os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Visto que a modificación proposta polo servizo Centro Príncipe Felipe, de engadir unha aula máis á escola infantil, non está prevista no prego de cláusulas administrativas regulador do contrato.

A súa procedencia debe analizarse, polo tanto, a teor do artigo 205 da LCSP, segundo o cal as modificacións non previstas só poderán realizarse cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Tendo en conta que, entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, levado ao caso, o apartado segundo, letra a), do citado artigo indica o de que devíñese necesario engadir servizos adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dos requisitos seguintes:

1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, e, así mesmo, que o cambio de contratista xerare inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

Neste punto, semella razoable entender que a xestión da escola infantil, independentemente do número de aulas, debe realizarse por un mesmo contratista, non resultando viable desde un punto de vista técnico, de coordinación e planificación, que o órgano de contratación contrate unha das aulas con características técnicas diferentes, considerando que daría lugar a incompatibilidades e dificultades técnicas tanto de uso como de mantemento desproporcionadas.

Así o corrobora o informe do servizo Centro Príncipe Felipe de 26 de abril de 2024, segundo o cal o servizo comprende a atención integral dos nenos e nenas, tanto nos aspectos educativos, como os de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación da Deputación de Pontevedra.

O cambio de contratista non é posible por cuestións de índole técnica vinculadas ao desenvolvemento da proposta pedagóxica e proxecto educativo, o cal debe de ser común para toda a escola.

2.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

Neste sentido, compre indicar que a modificación proposta é a primeira modificación do contrato que, no seu caso, acordaría o órgano de contratación, e que suporía un custo anual a maiores de 36.776,91 euros, o que supón un incremento do prezo do contrato do 13,63 por cento. O contrato pasaría do prezo inicial de 539.832,00 euros (para dous anos, exento do IVE), ao prezo modificado de 613.385,82 €.



Asemade, conforme informa o servizo xestor na súa proposta, a pretendida modificación tamén cumpriría os condicionantes establecidos na letra b) do citado artigo 205.2 da LCSP, dado que, amais de non superar o limiar do 50 por cento, a súa necesidade obedece ás circunstancias sobrevindas relativas á evolución demanda do servizo atención integral dos nenos e das nenas nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación e no Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil. Estas circunstancias, que afectan á evolución da demanda, son alleas e, polo tanto, non puideron ser previstas pola Administración no momento da licitación do contrato.

Xustifica tamén que a modificación proposta non altera a natureza global do contrato, ao supor habilitar unha aula a maiores das que xa están en funcionamento, sen que resulte alterado o obxecto do contrato, que é a prestación do servizo na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe.

Tendo en conta o disposto no artigo 206 LCSP, segundo o cal, e en atención a súa contía, a modificación proposta será obrigatoria para a contratista ao non exceder do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Tendo en conta que, canto o procedemento, ao abeiro dos artigos 191 e 207 da LCSP, deberá darse audiencia á contratista. O acordo que adopte o órgano de contratación porá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo, sendo preceptivo o informe xurídico de Secretaría.

No en tanto, tendo en conta o artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado, e que consta no expediente a conformidade da adxudicataria (Rexistro de entrada WEB2024027459), considérase innecesario o trámite de audiencia.

Tendo en conta que, de conformidade co artigo 109.3 LCSP, a adxudicataria deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 27 de xuño de 2024, que sinala o seguinte:

“(…) Na aplicación 24/232.2312.227.99, do vixente orzamento provincial, existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte ao gasto para os catro meses (setembro a decembro) do ano 2024 por importe de 12.258,97 € (RC. núm. 202400096889). Respecto do custo da anualidade 2025 (xaneiro a agosto), cuxo importe ascende a 24.517,94 €, imputarase á aplicación que será, no seu caso, 25/232.2312.227.99, quedando condicionado o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio orzamentario.

De conformidade co artigo 109.3 da LCSP a empresa deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado.

O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente) e supón un incremento de gasto computable no exercicio no que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade no mesmo.



Ao tratarse dun gasto de execución e de carácter corrente, que esgota os seus efectos co seu cumprimento, non compromete á sustentabilidade económico financeira desta entidade a longo prazo.

De acordo coas bases específicas de execución do orzamento da Deputación o órgano competente para a modificación do contrato e autorización do gasto é a Xunta de Goberno.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 1 do contrato de “*Prestación do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*”, subscrito coa FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669), para incrementar unha aula respecto ás sete contempladas inicialmente.

A nova aula comezará o seu funcionamento no curso 2024-2025 (meses de setembro a decembro de 2024, e de xaneiro a agosto de 2025), debendo contar co persoal retallado na seguinte táboa:

Posto	Horas semanais	Xornada	Custes mes (Seguridade Social engadida)	Vacacións e días de libre disposición	Permisos e incapacidades temporais
Educador/a infantil	38	100%	21.060,00 €	2.398,50 €	1.407,51 €
Auxiliar de apoio	10	25,64%	5.400,00€	615,00€	360,90€
SUBTOTAL			26.460,00€	3.013,50€	1.768,41€
TOTAL CUSTES PERSOAL		31.241,91€			
TOTAL OUTROS CUSTES DE FUNCIONAMENTO					5.535,00€
TOTAL					36.776,91€

A modificación supón un incremento no prezo anual de 36.776,91 euros, polo que o contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado:

Prezo modificado para 2 anos (exento do IVE):	613.385,82 €.
---	---------------



2.- Autorizar o gasto por importe de 36.776,91 euros para atender ás obrigas económicas que deriven da presente modificación, dos cales 12.258,97 euros financiaranse con cargo á aplicación 24/232.2312.227.99 do vixente orzamento provincial.

O resto do gasto, que ascende a 24.517,94 euros, queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario, e imputarase á aplicación que será, no seu caso, a 25/232.2312.227.99.

3.- Requirir á FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES-FESAN (CIF: G15597669) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 26.991,60 € a un importe de 30.669,29 €).

10.34002.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO SEGUIDO PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DO ARRENDAMENTO DUN LOCAL CON DESTINO AO EMPRAZAMENTO DO ARQUIVO XERAL DO SERVIZO ORAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXpte. 2024000500)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19 de abril do 2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante concurso público, do “*Arrendamento dun local con destino ao emprazamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra*”, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que remataría ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse, xunto cos pregos, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 82, e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do sector Público, o día 26 de abril do 2024.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 16 de maio de 2024, procede á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, e “B”, correspondente á proposta avaliable mediante xuízos de valor, presentados pola empresa que participou neste procedemento: Comunidad de Propietarios Alameda 4 Pontevedra (NIF: H36041564).

Na referida sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación do sobre “B” ao persoal técnico do servizo ORAL, para que avalíe e pondere as propostas, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores.

O servizo ORAL remite informe do servizo de Arquitectura, de data 24 de xuño de 2024, que sinala que o local ofertado non é apto, xa que non cumpre e non se axusta aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas.



A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 27 de xuño do 2024, acorda prestar conformidade ao informe do servizo de Arquitectura, e, en consecuencia, propoñer ao órgano de contratación a exclusión do licitador e a declaración do procedemento deserto.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 9, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para os contratos que, non sendo obras, superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a proposta da Mesa de Contratación do día 27 de xuño do 2024, e, en consecuencia, en base ao informe do servizo de Arquitectura, de data 24 de xuño de 2024 (CSV: 63SF3ZW5E0Y4Z522), excluír o licitador Comunidad de Propietarios Alameda 4 Pontevedra (NIF: H36041564), porque o establecemento non cumpre e non se axusta aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas. polos seguintes motivos:
 - Local ubicado na Rúa Nova de Abaixo, 2. Soto, Pontevedra. Ofertado pola Comunidade de Propietarios Alameda 4 Pontevedra (NIF: H36041564):

O local non cumpre cos requirimentos esixidos no apartado 9.1 do PCAP e apartado 2 do PPT, conforme ao seguinte:

- Deberá dispoñer dunha superficie mínima de 350 metros cadrados de superficie construída. Non cumpre.
 - O local deberá contar coas instalacións, plenamente operativas e dadas de alta. Non cumpre. Non se dispón de documentación sobre o estados das instalacións existentes.
 - O local deberá dispoñer dos permisos municipais necesarios. Non cumpre. Non chegan documentación dos permisos municipais necesarios.
2. Declarar deserto o concurso público convocado para a contratación do *Arrendamento dun local con destino ao empraçamento do arquivo xeral do servizo ORAL da Deputación de Pontevedra*, por non presentarse ningunha proposición que cumpra os requirimentos establecidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescricións técnicas



11.34003.- DESESTIMACIÓN DA PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DE NIGRÁN CON MOTIVO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “POSTA EN VALOR DO MONTE CASTELO” (EXPTE. 2023031215)

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial (acordo núm. 4.32753), de data 16 de xuño de 2023, concedéuselle ao Concello de Nigrán unha subvención, por importe de 14.247,75 euros, para levar a cabo o proxecto “Posta en valor do Monte Castelo”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, con cargo á aplicación 24/332.3322.762.00.2023 do vixente Orzamento Provincial.

Visto o escrito presentado polo Concello de Nigrán, de data 26 de xuño de 2024 e número de rexistro WEB2024042506, a través do cal solicita unha prórroga do prazo de execución da referida actuación motivada polo retraso na obtención da correspondente autorización sectorial necesaria para o desenvolvemento do proxecto.

Visto o informe desfavorable da Intervención Provincial á concesión da citada prórroga, que ten o seguinte teor literal:

“Recibida nesta Intervención solicitude de informe de modificación (CSV: 0LX1KKGVY9P63QTP) da axuda concedida ao Concello de Nigrán ao abeiro da convocatoria de subvencións aos Concellos da provincia de Pontevedra destinadas á Supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e á rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico – cultural (PDB_C/23), esta Intervención pon de manifesto o seguinte:

- 1. A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 16 de xuño de 2023 (acordo N.º 4.32753), concedeu ao Concello de Nigrán con CIF: P3603500D, para a Posta en valor do Monte Castelo, con cargo á liña B da mencionada convocatoria, unha subvención por importe de 14.247,75€, sobre un orzamento do mesmo importe, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/332.3322.762.00.2023.*
- 2. Posteriormente, con data 26 de xuño de 2024 (Rexistro WEB2024042506), o concello solicita a prórroga do prazo de execución do investimento motivada polo retraso na obtención das autorizacións sectoriais necesarias para acometer a dita posta en valor e instalación dunha plataforma de seguridade no Monte Castelo.*

Comprobado o expediente por Intervención obsérvase que dita solicitude incumpre o recollido nas bases reguladoras destas axudas:

- Base décimo quinta. Modificación da resolución. “...Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivasen, no prazo máximo de catro (4) meses antes de finalizar o prazo de execución establecido na base décimo sexta....”.*
- Base décimo sexta. Xustificación. “... Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2024...”.*



CONCLUSIÓN

Polo exposto infórmase desfavorablemente a modificación solicitada”.

Visto que o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar a concesión dunha prórroga ao *Concello de Nigrán* para a execución da subvención derivada do proxecto “*Posta en valor do Monte Castelo*”, concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, nos termos expostos no informe da Intervención Provincial transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.

12.34004.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTE. 2024045543)

Vista a relación de facturas con número 2024045543, que contén 5 facturas e por un importe de 4.279,60 € e con CSV: 1WRKWJ5G0RS3POYG, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26/06/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	4.279,60 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	4.279,60 €



13.34005.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE. 2024046015)

Vista a relación de facturas con número 2024046015, que contén unha factura e por un importe de 2.046,50€ e con CSV: ZZMKIA35RPEJUPA9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 28/06/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.046,50 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.046,50 €

14.34006.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (EXPTE.2024006663)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 16 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33481, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



No caso do *Concello de Tomiño*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE TOMIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
20	3 peóns de xardinería e 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª a xornada completa durante 9,5 meses; 1 técnico/a administrativo/a en xeral a xornada completa durante 9 meses; 1 condutor/a operador/a de retroescavadora oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 1 traballador/a social a xornada completa durante 7,5 meses; 8 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción oficial de 2ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses; 1 peón da construción, 1 condutor/a-operador/a de retroescavadora oficial de 2ª e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	273.668,29 €	267.185,15 €	7.308,13 €	266.380,16 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024038453 do 07/06/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención pola necesidade de modificar a duración de varios postos de traballo pola imposibilidade de cumprir coa duración prevista inicialmente. En consecuencia, modifícase o orzamento e a achega municipal manténdose invariable o importe da subvención solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a solicitude de subvención ás novas circunstancias minorando a duración dos contratos de varios postos de traballo (3 peóns de xardinería, 1 instalador/a electricista e 1 técnico/a administrativo en xeral) e incrementado a duración do posto de traballador/a social, así como a necesidade de modificar o orzamento e a achega municipal, o interesado solicita modificar á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE TOMIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
20	1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª a xornada completa durante 9 meses; 3 peóns de xardinería e 1 técnico/a administrativo/a en xeral a xornada completa durante 8,67 meses; 1 traballador/a social a xornada completa durante 8,3 meses; 1 condutor/a operador/a de retroescavadora oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 8 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción oficial de 2ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses; 1 peón da construción, 1 condutor/a-operador/a de retroescavadora oficial de 2ª e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	282.473,10 €	275.759,77 €	16.092,94 €	266.380,16 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 16 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33481, no referente á subvención concedida ó Concello de Tomiño, CIF núm. P3605400E, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tomiño (P3605400E)	20	1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª a xornada completa durante 9 meses; 3 peóns de xardinería e 1 técnico/a administrativo/a en xeral a xornada completa durante 8,67 meses; 1 traballador/a social a xornada completa durante 8,3 meses; 1 condutor/a operador/a de retroescavadora oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 8 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción oficial de 2ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses; 1 peón da construción, 1 condutor/a-operador/a de retroescavadora oficial de 2ª e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	266.380,16 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: EKDWVM442QRQ2TI3) e da dilixencia de Intervención (CSV: SSVDK1RZWW7CSJRG), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 16 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33481, no referente á subvención concedida ó *Concello de Tomiño*, CIF núm. P3605400E, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tomiño (P3605400E)	20	1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª a xornada completa durante 9 meses; 3 peóns de xardinería e 1 técnico/a administrativo/a en xeral a xornada completa durante 8,67 meses; 1 traballador/a social a xornada completa durante 8,3 meses; 1 condutor/a operador/a de retroescavadora oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 8 peóns de xardinería, 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción oficial de 2ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses; 1 peón da construción, 1 condutor/a-operador/a de retroescavadora oficial de 2ª e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	266.380,16 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



15.34007.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “PAGAMENTO DE DÉBEDAS A ACREDORES DE GASTO CORRENTE” (EXPTE.2024022429)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 03/04/2024, con rexistro núm. WEB2024022038, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Crecente na que solicita unha subvención por importe de 61.886,03 euros, con destino ao financiamento de “Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente” (Expte.:2024022429), cun orzamento por importe de 72.424,63€.

O concello solicita o traspaso de 21.010,05 euros da liña 1-investmentos a liña 2.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/07/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Crecente*, CIF:P3601400I, a cantidade de 61.886,03 euros, con destino ao financiamento de “*Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente*” (Expte.:2024022429), cun orzamento por importe de 72.424,63 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 30 de novembro de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Crecente*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

16.34008.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEIS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “PAGAMENTO DE DÉBEDAS A ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS” (EXPTE.2024012942)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.



En data 26/02/2024, con rexistro núm.WEB2024012252, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Meis na que solicita unha subvención por importe de 162.558,02 euros, con destino ao financiamento de “*Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos*” (Expte.:2024012942), cun orzamento por importe de 169.102,88 euros.

O concello solicita o traspaso de 116.487,55 euros da liña 1-investmentos a liña 2.

En datas posteriores, a entidade municipal subsana a documentación presentada inicialmente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/07/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Meis*, CIF:P3602800I, a cantidade de 162.558,02 euros, con destino ao financiamento de “*Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos*” (Expte.:2024012942), cun orzamento por importe de 169.102,88 €.
- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2024/942.9425.762.46 (31.914,86 euros) e 2024/942.9425.462.45 (130.643,16 euros) do vixente orzamento provincial nas que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 30 de novembro de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Meis*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

17.34009.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “PAGAMENTO DE DÉBEDAS A ACREDORES DE GASTO CORRENTE E DE INVESTIMENTOS” (EXPT.E.2024021506)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 27/03/2024, con rexistro núm. WEB2024019793, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Poio na que solicita unha subvención por importe de 360.777,74 euros, con destino ao financiamento de “*Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos*” (Expte.:2024021506), cun orzamento polo mesmo importe.

O concello solicita o traspaso de 242.189,86 euros da liña 1-investmentos á liña 2 e 22.852,77 euros da liña 3-activación do emprego á liña 2.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/07/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF:P3604100B, a cantidade de 360.777,74 euros, con destino ao financiamento de “*Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e investimentos*” (Expte.:2024021506), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2024/942.9425.762.46 (75.413,68 euros) e 2024/942.9425.462.45 (285.364,06 euros) do vixente orzamento provincial nas que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 30 de novembro de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

18.34010.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTOS DE EJERCICIOS PECHADOS PENDENTES DE APROBACIÓN” (EXPTE.2024022423)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 03/04/2024, con rexistro núm.WEB2024022033, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Silleda na que solicita unha subvención por importe de 119.400,91 euros, con destino ao financiamento de “*Gastos de exercicios pechados pendentes de aprobación*” (Expte.:2024022423), cun orzamento polo mesmo importe.



O concello solicita o traspaso 119.400,91 € da liña 1-investmentos a liña 2.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/07/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/07/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda*, CIF:P3605200I, a cantidade de 119.400,91€, con destino ao financiamento de “*Gastos de exercicios pechados pendentes de aprobación*” (Expte.:2024022423), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 30 de novembro de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



19.34011.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2024040737)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins promover o impulso e o fomento da cultura popular galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, así como a creación e a difusión artística, favorecendo o uso e a convivencia na nosa lingua.

Segundo.- Correspóndelle á Deputación de Pontevedra a competencia para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial (art. 36.1 d) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), cuxo exercicio se traslada a través de diversas actuacións e programas que está a acometer a institución provincial en materia cultural que, á súa vez, están a servir como ferramentas de colaboración cos Concellos para o exercicio, pola súa banda da competencia que, en materia de promoción da cultura, lles atribúe o artigo 25 da citada norma.

Terceiro.- A Deputación apoia a programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes Coa finalidade de contribuír á programación cultural estable dos concellos da provincia de Pontevedra e na liña de cumprimento dos obxectivos de sostibilidade, proximidade, reto demográfico, cohesión social e equidade recollidos no marco estratéxico da Axenda Urbana e Rural da provincia de Pontevedra (AUPO 2030) e marcados na Axenda Urbana Española (AUE), en consonancia coa Axenda 2030, a Deputación promove o circuítio “+ESCÉNICAS”.

Cuarto.- Con esta convocatoria créase o catálogo “+ESCÉNICAS” da provincia de Pontevedra de espectáculos de artes escénicas realizados por compañías e artistas da provincia e resto da comunidade galega que terá unha vixencia indefinida mentres estea en vigor o circuítio “+ESCÉNICAS”, coa pretensión de ser un instrumento permanente, vivo, útil e eficaz para o coñecemento e acceso aos espectáculos profesionais de artes escénicas da provincia de Pontevedra e co que se pretende impulsar a programación e a representación de funcións de teatro e danza por parte de artistas e compañías profesionais galegas nos espazos dos concellos menos poboados desta provincia, favorecendo o acceso á cultura por parte de todos os públicos. Neste catálogo poderán solicitar a inclusión de espectáculos de artes escénicas, en lingua galega, as compañías, empresas de distribución de espectáculos e artistas profesionais que reúnan os requisitos establecidos nas bases.

Quinto.- Poderán beneficiarse deste circuítio os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2023

Sexto.- Vistos os informes favorables xurídico e da Intervención de 2 de xullo de 2024.



Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016)

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no artigo 9, contempla a lingua como vehículo do patrimonio cultural inmaterial e as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, e as representacións como bens do patrimonio cultural inmaterial, especificando ademais no artigo 69, que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Do mesmo xeito que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria para o ano 2024 do circuío “+ESCÉNICAS” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos da provincia de Pontevedra e que figuran co CSV:YRCVA4Z9E7YUSB4K

20.34012.- CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN”. (EXPTE.2024042953)

Primeiro.- Dentro do ámbito competencial provincial, esta Deputación desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais no uso da lingua galega que teñan lugar na provincia.

As actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión mediática nos medios de comunicación, polo que é un medio especialmente idóneo para publicitar a provincia e de aí a importancia de apoiar economicamente este tipo de eventos.

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades impulsan o desenvolvemento económico e social da nosa provincia polo que encaixan cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade e supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global, o que xustifica o interese desta entidade no patrocinio deste tipo de actividades na provincia de Pontevedra, a cal ofrece un escaparate único de promoción turística, social, económica e cultural.

Terceiro.- O art. 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, establece que “*un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índoles, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador*”

Cuarto.- Coa presente convocatoria, a entidade provincial, renova a liña de actuación para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais, co obxectivo de levar a cabo actuacións de promoción cultural e turística na provincia de Pontevedra e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado na nosa provincia en relación con proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra, sobre a base dos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e eficiencia da utilización dos recursos públicos.

Quinto.- Vistos os informes favorables xurídico e da Intervención de data 2 de xullo de 2024



Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade
- Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Pola súa banda a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte e no seu artigo 109.1 d), determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, no seu art. 22 establece que “*un contrato de patrocinio publicitario é aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índoles, se compromete a colaborar na publicidade do patrocinador*”.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra “*Rías Baixas Acción*” e que figuran co CSV:WCGX3M7GES9DAH4



21.34013.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.34014.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.34015.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

